



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE CONCURSO DE UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO (ESTABILIZACIÓN D.A. 6ª DA LEI 20/2021)

1ª.- OBXECTO.-

As presentes bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de concurso por quenda libre, de unha (1) praza de funcionario denominada: técnico de emprego e desenvolvemento, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2022 de estabilización en todo aquilo que non estea previsto nas Bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público de estabilización para o Concello de Sada do ano 2022.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: OEPE 6-2022

3ª.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: técnico de emprego e desenvolvemento
- b) Grupo de clasificación: A
- c) Subgrupo: A2
- d) Tipo de relación xurídica: funcionario
- e) Funcións:

- As propias da profesión en relación coa dirección e xestións do servizo municipal de desenvolvemento local
- Captación de recursos externos, en especial programas públicos de axudas e subvencións, e apoio á participación municipal en programas comunitarios.
- Supervisión da oficina municipal do Servizo Galego de Colocación.
- Relación con asociacións municipais.
- Deseño e xestión de plans de desenrolo e dinamización socio-económica.
- Elaboración e xestión de programas para fomento de iniciativas empresariais e de autoemprego; investigación, estudo e promoción dos recursos socio-económicos do Municipio.
- Información e asesoramento ó público nas materias do servizo, así como tramitación de solicitudes de axuda.

- f) Correspondencia co posto de traballo con código 070101 da RPT, ao cal se adscribirá definitivamente a persoa proposta.

4ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de concurso, ao darse os requisitos establecidos na DA 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e levar ocupada forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

5ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do título de graduado, licenciado, diplomado ou equivalente (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).
- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditálo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7.3ª.

6ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo de presentación de solicitudes é o establecido na base cuarta das xerais.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

As taxas serán as establecidas na base quinta das xerais para o Grupo A, subgrupo A2/asimilado: 20 euros.

7ª.- PROCESO SELECTIVO.

7.1. O tribunal examinará os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 70 puntos.

- Por experiencia nun posto de axente de desenvolvemento local– técnico local de emprego/técnico de emprego e desenvolvemento nun Concello: 0,50 puntos por cada mes.

- Por experiencia nun posto de axente de desenvolvemento local– técnico local de emprego/técnico de emprego e desenvolvemento no resto de Administracións Públicas: 0,30 puntos por cada mes.

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo ou certificados emitidos polo órgano competente das Administracións Públicas indicando posto e duración do contrato xunto co certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral).

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 30 puntos, conforme ás seguintes regras:

1) Os cursos de formación e perfeccionamiento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas directamente relacionados coas funcións da categoría convocada e materias recollidas nas bases. Valoraranse ata un máximo de 20 puntos, a razón de:

- De 10 a 20 horas: 2 puntos.
- De 21 a 50 horas: 2,5 puntos.
- De 51 a 80 horas: 3 puntos.
- De 81 a 150 horas: 3,5 puntos.
- De 151 a 250 horas: 4 puntos.
- Más de 250 horas: 4,5 puntos.

3) Os cursos de formación e perfeccionamiento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais. A estos efectos considérase materia transversal: prevención de riscos laborais, igualdade, non discriminación e prevención da violencia de xénero, lingua de signos española, técnicas de comunicación, traballo en equipo, protección de datos, procedemento administrativo, calidade dos servizos, sinatura electrónica, tedec. Valoraranse ata un máximo de 10 puntos, a razón de:

- De ata 9 horas: 1 punto.
- De 10 a 20 horas: 2 puntos.
- De 21 a 50 horas: 2,5 puntos.
- De 51 a 80 horas: 3 puntos.
- De 81 a 150 horas: 3,5 puntos.
- De 151 a 250 horas: 4 puntos.
- Más de 250 horas: 4,5 puntos.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Cando a acreditación dos cursos o diplomas figuren en créditos, realizarase a equivalencia dun crédito igual a 20 horas.

Non se valorarán como cursos:

- Os que non acrediten as datas de realización e/ou as horas de duración, nin os inferiores a 10 horas lectivas, salvo que se especifique no apartado correspondente a valoración.
- Os derivados de procesos selectivos ou preparatorios de procesos de promoción interna independente e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, congresos, simposios, talleres e similares, nin a formación especializada que resulte imprescindible para a obtención dunha titulación académica determinada ou para o exercicio dunha profesión.
- Aqueles empregados para cumprir algún dos requisitos de acceso á categoría obxecto da convocatoria.
- Os recibidos dentro dun doutorado, máster, grado ou titulación universitaria, nin o propio título de doutorado, máster, grado ou título universitario oficial.

A estes efectos valoraranse por igual os cursos de formación de asistencia e de aproveitamento recibidos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

Aos efectos do cómputo de cada un dos méritos alegados, tomarase como data límite, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

Unha vez realizada a valoración polo tribunal publicarase a relación de méritos e abrirase un prazo de tres días hábiles para presentar posibles reclamacións.

7.2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma da puntuación de todos os apartados.

7.3. Exame de coñecemento da lingua galega.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 5ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- ÁREA DE COÑECEMENTO MATERIAS ESPECÍFICAS.

12.- A Estratexia Europea para o Emprego. Directrices para as políticas de emprego 2020. A dimensión local.

13.- Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

14.- Acordo de Asociación España 2014 - 2020. Obxectivo 8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral.

15.- Os Fondos para o financiamento das Políticas de Emprego. Os Fondos Estruturais con especial mención ao Fondo Social Europeo.

16.- Programación e execución do Fondo Social Europeo

17.- Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Emprego (I). Definición. Obxectivos. Planificación e execución das políticas de Emprego. A dimensión local da política de emprego. O sistema Nacional de Emprego: Concepto. Fines. Órganos.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- 18.- Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Emprego (II). Instrumentos de coordinación do Sistema Nacional de Emprego. As políticas activas de Emprego. Principios xerais das políticas activas de emprego. Desenvolvemento das políticas activas de emprego.
- 19.- Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG): Distribución territorial de oficinas de emprego. O portal de emprego. A intermediación laboral.
- 20.- O Instituto Galego de Promoción Económica. O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).
- 21.- A lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia (I). Obxecto. Finalidade. Ámbito de aplicación. Principios orientadores. Entidades da economía social de Galicia.
- 22.- A lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia (II). Consello da economía social de Galicia. Funcións. Fomento da Economía social de Galicia.
- 23.- A figura do Axente de Emprego de desenvolvemento local. Normativa reguladora. Características, funcións e ámbitos de actuación.
- 24.- O asesoramento técnico na iniciativa empresarial. A persoa emprendedora: Análise da idea empresarial.
- 25.- O plan de empresa. Definición. Obxectivos e estrutura. O deseño dun itinerario de Emprendemento. Fases.
- 26.- A empresa. Elementos, obxectivos e clasificación. Formas xurídicas para a creación dunha empresa. Incentivos. Subvencións e bonificacións. Trámites administrativos para a posta en marcha dunha idea empresarial
- 27.- Fontes de financiación da empresa: custes empresariais e umbral de rendibilidade.
- 28.- Subvencións destinadas a fomentar e manter a creación de emprego autónomo.
- 29.- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia (I). Obxecto. Competencias en materia de Emprendemento. Ámbito de aplicación.
- 30.- Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia (II). Definición de actividade emprendedora. Principios informadores. Puntos de información o emprendedor.
- 31.- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (I). Objeto. Ámbito de aplicación. Fines e principios rectores. Da actividade comercial. Concepto e clases.
- 32.- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (II). Condicións xerais para o exercicio da actividade comercial. Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial. Ordenación administrativa da actividade comercial.
- 33.- Decreto 183/2011, de 15 de setembro, por el que se regulan as mesas locais de comercio . Obxecto. Natureza e obxectivos. Funcións. Constitución e composición das mesas locais de comercio.
- 34.- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Obxecto. Ámbito de aplicación. Definicións. Competencias Autonómicas e municipais.
- 35.- Marco normativo específico de Prevención de Riscos Laborais. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Consulta e participación dos traballadores e traballadoras.
- 36.- O contrato de traballo (I). Partes. Capacidade para contratar. Contido. As prestacións da persoa que desempeña un posto de traballo e do empresariado. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- 37.- O contrato de traballo (II). Os contratos formativos.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- 38.- O contrato de traballo (III). O contrato de duración determinada.
- 39.- O contrato de traballo (IV). Contrato de traballo por tempo indefinido. O fomento da contratación indefinida.
- 40.- O autoemprego e o traballo por conta propia. Obrigacións administrativas, fiscais e laborais.
- 41.- O salario. Concepto. Natureza xurídica. Estrutura salarial: Salario base e complementos salariais. Compensación e absorción.
- 42.- Liquidación e pago do salario: Tempo, lugar e forma. O Salario Mínimo Interprofesional.
- 43.- Dereitos e deberes das persoas empregadas e o empresariado.
- 44.- A negociación colectiva: bases constitucionais e desenvolvemento lexislativo. Os convenios e os acordos colectivos.
- 45.- Seguridade Social (I). Réxime xeral: ámbito subxectivo de aplicación, inclusións e exclusións. Réximes especiais: enumeración. Sistemas especiais: enumeración e características xerais.
- 46.- Seguridade Social (II). Entidades Xestoras e Servizos Comúns. Normas de afiliación, altas e baixas no sistema. Encadramento e inscrición de empresas. Situacións asimiladas ao alta.
- 47.- Seguridade Social (III). Bases de cotización. Tipo de cotización. Cotización por desemprego e Formación Profesional. Cotización adicional por horas extraordinarias.
- 48.- Seguridade Social (IV). Infraccións en materia de Seguridade Social: Concepto. Infraccións dos empresarios e traballadores, beneficiarios e solicitantes de prestacións. Infraccións en materia de emprego.
- 49.- Seguridade Social (IV). Infraccións en materia de estranxeiría. Emprego irregular. Normas xerais sobre sancións. Sancións aos traballadores, solicitantes e beneficiarios en materia de emprego e Seguridade Social.
- 50.- Cotización por desemprego e Formación Profesional. Acción protectora. Contido e clasificación das prestacións. Incompatibilidades. Concepto de accidente de traballo e enfermidade profesional.
- 51.- A protección por desemprego. Concepto e clases. Situación legal de desemprego e formas de acreditación. Obrigacións do empresariado e das persoas empregadas.
- 52.- A prestación por desemprego. Beneficiarios. Requisitos para o nacemento do dereito. Contido, duración, contía, suspensión e extinción do dereito. Prestacións contributivas e non contributivas. Modalidades e persoas beneficiarias.
- 53.- Concepto de demandante de emprego. O procedemento de inscrición. Requisitos e prazos. Situacións administrativas da demanda. Tipos de inscrición. Procura activa de emprego.
- 54.- A protección por desemprego. Concepto. Obxecto da protección. Campo de aplicación. Acción protectora.
- 55.- Especial consideración á situación legal de desemprego e formas de acreditación. Beneficiarios, requisitos para o nacemento do dereito. Duración, contía, continuación e extinción do dereito. Incompatibilidades.
- 56.- Renda Activa de Inserción. Financiamento das prestacións. A xestión das prestacións. Tramitación e pago das prestacións por desemprego: Normas xerais e específicas. A opción de pago único. Supostos especiais.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

57.- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional. Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional: Principios, fins e instrumentos. Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. A formación profesional. As ofertas de formación profesional. Centros de formación profesional. Oferta formativa a grupos con especiais dificultades de integración laboral.

58.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

59.- Discapacidade. A definición de discapacidade segundo a Organización Mundial da Saúde. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereitos. A normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

60.- A administración electrónica. A sinatura electrónica. O programa de xestión de expedientes Tedec. Eido Local.

DILIXENCIA.- As presentes bases foron aprobadas por resolución da alcaldía núm. 2107/2022, do 27 de decembro, e corrixidas por resolución nº 1038 do 26 de maio de 2023.

Documento asinado dixitalmente pola secretaria xeral D.^a M.^a del Carmen Seoane Bouzas, na data da sinatura dixital